



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (**FADEMGA Plena inclusión Galicia**) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA Plena Inclusión Galicia PARA O EXERCICIO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social, do mantemento de FADEMGA Plena inclusión Galicia, así como o desenvolvemento de actividades a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto:

A.- Programa de atención a asociacións: apoio, fortalecemento e promoción do movemento asociativo.

B.- Programa de Apoio Familiar.

C.-Xestión do Programa de Atención integral ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento para a autonomía persoal e a cidadanía activa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2018.

